



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Outubro 2022


Santiago de Compostela, 09 de decembro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2022

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia registrou en outubro de 2022 un retroceso do 5,4% con respecto a outubro de 2021; no conxunto de España houbo un crecemento do 2,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo caeron un 13,5%, os bens de equipo un 4,8% e os bens intermedios un 9,6%. Pola súa parte a enerxía medrou un 17,1%.
- Por ramas de actividade as achegas negativas mais destacables corresponden á "industria da alimentación" que resta 2,6 puntos, a "industria da madeira e da cortiza", que minora 1,8 puntos e a "industria do papel" que resta 1,4 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións positivas, as principais foron: "producción de enerxía eléctrica", que suma 3,2 puntos, "outras industrias extractivas" que engade 2,1 puntos e "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que achega 0,6 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2022



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de outubro de 2022 registrou en Galicia un retroceso do 5,4% en taxa interanual, empeorando en 4,2 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-1,2%). En España rexistrouse un avance do 2,2%, taxa 1,4 puntos inferior á do mes anterior (3,6%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 13,5%, o que resta 4,3 puntos.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do -4,8%, o que resta 1,2 puntos.
- Os **bens intermedios** baixan un 9,6%, cunha repercusión negativa de 2,7 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que aumenta un 17,1% achegando 2,7 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de setembro de 2022, por destino económico, os bens de consumo empeoran 15,2 puntos, os bens de equipo empeoran 8,2 puntos, os bens intermedios melloran 1,1 puntos e a enerxía mellora 13,9 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas negativas á taxa interanual de agosto foron: "industria da alimentación" que resta 2,6 puntos, "industria da madeira e da cortiza", que minora 1,8 puntos e "industria do papel" que resta 1,4 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas (6,4 puntos) de sete ramas, as principais foron: a "produción de enerxía eléctrica", que suma 3,2 puntos, "outras industrias extractivas" que engade 2,1 puntos e "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que achega 0,6 puntos á taxa interanual.


3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de outubro moveuse entre o 6,6% de Cantabria e o -19,5% de Extremadura.

Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Murcia (5,6%), Andalucía (5,2%), Madrid (4,8%), Castilla y León (4,8%), Castilla - La Mancha (4,2%), Comunitat Valenciana (3,6%), Navarra (3,2%), País Vasco (3,0%) e La, Rioja (2,5%).


IPI Outubro 2022

Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Outubro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	102,9	-5,4	-2,0	--	--
Bens de consumo	129,8	-13,5	5,2	-4,3	1,5
Bens de equipo	97,4	-4,8	1,2	-1,2	0,3
Bens intermedios	111,2	-9,6	-4,7	-2,7	-1,3
Energía	76,9	17,1	-12,2	2,7	-2,4
España					
Xeral	106,4	2,2	3,3	--	--
Bens de consumo	109,5	1,0	4,5	0,3	1,2
Bens de equipo	113,3	10,6	5,7	2,3	1,2
Bens intermedios	106,9	-3,4	-1,3	-1,1	-0,4
Energía	95,2	3,5	6,7	0,7	1,3

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Outubro 2022

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-5,4		-2,0		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	30,4	3,2	-19,2	-2,9	22,3
Outras industrias extractivas	119,3	2,1	9,8	0,2	1,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	20,3	0,6	12,6	0,4	2,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	11,1	0,1	-23,6	-0,4	1,4
Outras industrias manufactureiras	6,1	0,0	10,6	0,1	0,5
Fabricación doutro material de transporte	2,2	0,0	-14,0	-0,2	2,0
Fabricación de mobles	-1,8	0,0	18,8	0,3	1,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-1,7	0,0	3,5	0,1	4,1
Fabricación de bebidas	-1,3	-0,1	9,5	0,4	3,5
Industria téxtil	-23,3	-0,1	-5,7	0,0	0,6
Industria química	-15,8	-0,3	11,4	0,2	1,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-12,2	-0,3	11,2	0,3	2,0
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-11,3	-0,3	-5,6	-0,2	2,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-7,5	-0,6	2,4	0,2	7,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-7,6	-1,0	-4,5	-0,6	13,1
Confección de roupa de vestir	-11,5	-1,1	28,9	1,8	4,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-30,7	-1,2	-24,4	-1,2	5,1
Industria do papel	-58,9	-1,4	-22,1	-0,5	2,2
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-30,5	-1,8	8,9	0,5	3,6
Industria da alimentación	-17,3	-2,6	-4,7	-0,7	13,2
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Outubro 2022

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	106,4	2,2	3,3
Galicia	102,9	-5,4	-2,0
Andalucía	102,9	5,2	6,4
Aragón	103,8	1,9	7,0
Asturias	102,4	-1,1	1,9
Baleares (Illes)	89,3	1,1	17,3
Canarias	94,2	1,8	4,4
Cantabria	118,6	6,6	-1,1
Castilla - La Mancha	111,5	4,2	5,8
Castilla y León	91,3	4,8	-2,4
Cataluña	105,5	0,4	1,2
Comunitat Valenciana	110,6	3,6	3,4
Extremadura	86,2	-19,5	-0,1
Madrid	112,5	4,8	6,2
Murcia	115,6	5,6	5,7
Navarra	117,7	3,2	3,5
País Vasco	111,0	3,0	5,6
Rioja (La)	91,4	2,5	3,2

Fonte: INE